

# MISIÓN A MARTE

Amat Vallmajor del Pozo, 2022

# 1177

ESTREA EN NUMAX: 04.10.2023 | V.O.S.E. | +7 | 80 min

Nun País Vasco post-apocalíptico, dous irmáns parten nunha misión a Marte. Txomin, un arqueólogo vasco en paro, recibe o encargo dunha peritaxe en Marte. Co seu irmán Gene ao volante, parten de Eibar nunha aventura polo norte de España. A fráxil saúde de Gene e unha bruma tóxica que aparece misteriosamente, fanos desviarse do camiño e acudir á súa irmá Mila.

«O orzamento é infinitamente más baixo que a ousadía e o descaro»

Alfonso Rivera, CINEUROPA



## O futuro xa non é o que era

Por Jose A. Cano

Amat Vallmajor del Pozo debuta na longametraxe con esta mestura de ciencia-ficción, costumismo, drama familiar e surrealismo, que apunta a ser un dos títulos españois independentes do ano. Pero independente de verdade, dos que logo non son finalistas nin aos Feroz nin moito menos aos Goya.

Tampouco é que o pretenda, xa que a súa proposta é chocante e sábeo. Poderíase afirmar, e non sería de todo unha provocación, que *Misión a Marte* pon a proba os seus espectadores durante un primeiro terzo no que parece unha falcatruada surrealista moi ben pensada no visual e logo avanza cara aquilo do que realmente quere falar. Que ademais son moitas cousas, e moi complexas, que enganchan moi ben coa hilarante presentación dos seus dous personaxes principais.

*Misión a Marte* dedícase a enrarecer o cotián mediante unha ciencia-ficción sen efectos especiais, da que só aparece nos diálogos dos personaxes ou as composicións e a banda sonora, moi na liña do minimalismo recente dun Juan Cavestany ou un Julián Génisson, pero cun xiro máis alá da crítica social, evitando derivar cara o mero artefacto artístico chocante. O que parece unha parodia da paranoia postpandémica e a nosa actual apocalipse suave deslízase cara temor aos cidadáns e á propia vulnerabilidade conforme avanza a metraje.

Así, os irmáns, presentados nos primeiros compases como un pouco delirantes aínda que sen maldade, son dous tipos que sobreviven nun mundo no que unha nube de gas tóxico pode acabar coa túa precaria saúde en calquera momento e no que é posible unha peritaxe para comprobar se un asteroide destruirá a Terra en breve. É dicir, un pouco coma nós, pero ao bravo. Só que o que lles preocupa realmente é chegar a fin de mes, a soidade ou o estado da súa familia e os rancores acumulados entre uns e outros.

No documental *No somos nada* (Javier Corcuera, 2021), dedicado á traxectoria de Lapolla Records, o cantante Evaristo ten un momento no que vai conducindo a Agurain, a súa vila, na provincia de Álava e recordaba que nos inicios do grupo lles dicían que un grupo *punk* non podería vir dun entorno rural, que o xénero era urbano por definición. Indignado, Páramos sinalaba a carreteira, chea de fochancas, e dicía: “Como non se vai facer a xente *punk* con este asfaltado?”

O espírito de Lapolla Records é parte dunha banda sonora con moita retranca que nunca abandona *Misión a Marte*. Aínda que o corazón do filme está no seu terzo familiar e netamente realista, do cal un fotograma illado podería facernos pensar que se trata dun drama social como hai mil. De feito, ese poso de rebeldía xuvenil descerebrada pero con boas razóns detrás que mantén unidos os irmáns é o que pon o broche final ao filme.

Así que *Misión a Marte* é unha moi interesante ópera prima por como xustifica todas as súas decisións estéticas, que poderían derivar ao baleiro conceptual máis absoluto con facilidade, e polo sentido do humor, unhas veces máis soterrado que outras, co que ilustra dramas cotiáns perfectamente recoñecibles. Porque a realidade é tan estraña que para recoñecela ben ás veces hai que volvela surrealista.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Hertzainak*,  
Pedro Espinosa Ortiz de Arri  
e Elena López Aguirre.  
Pepitas de Calabaza, 2013

*Matadero cinco*,  
Kurt Vonnegut.  
Blackie Books, 2021

*Historia de la ciencia ficción  
en la cultura española*,  
Teresa Lopez Pellisa.  
Iberoamericana Editorial Vervuert,  
2018